



BASES REGULADORAS DA AULA MUNICIPAL DE TEATRO ANUALIDADE 2023-2024

Artigo 1. Obxectivo e ámbito de aplicación.

As presentes bases regularán o proceso de inscrición na actividade da Aula Municipal de Teatro do Concello de Barbadás durante a anualidade 2023-2024.

Artigo 2. Destinatarios.

As actividades da aula de teatro municipal van dirixidas a aquelas persoas que desexen iniciar ou perfeccionar distintas técnicas relacionadas con esta actividade.

Artigo 3. Lugar de desenvolvemento.

A actividade da Aula de Municipal de Teatro desenvolverase no Auditorio da Casa de Cultura “Manuel María” sita na Rúa San Bernabé Nº 37 (A Valenzá).

Artigo 4. Nº de prazas ofertadas.

Ao longo de cada curso ofertaranse un total de 36 prazas que se dividirán nos seguintes grupos:

- Aula de teatro infantil: Dirixida a nenos e nenas a partir de 6 anos ata 12 anos. (Cumprir 6 anos no curso 2023-2024)
- Aula de teatro xuvenil: Dirixida a mozos e mozas a partir de 12 anos ata 18 anos.
- Aula de teatro para persoas adultas: Dirixida a persoas adultas a partir de 18 anos.

En cada un dos grupos o número máximo de participantes será de 12 persoas, para que se realice a actividade será preciso un número mínimo de 5 persoas por grupo de idade.

Artigo 5. Horario e calendario.

As actividades comezarán eo 9 de outubro do 2023 e rematará o 31 de maio



do 2024.

As actividades desenvolverase en horario de tarde. A distribución horaria realizarase unha vez se determine o número de participantes publicados nos listados definitivos de persoas admitidas.

En todo caso, cada grupo terá un horario propio de 1 hora semanal.

Artigo 6. Criterios de adxudicación.

- Ter asistido como alumno ou alumna á aula de teatro no curso anterior
- No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.
- No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas, terán preferencia na adxudicación as persoas empadroadas no Concello de Barbadás (que se comprobará de oficio pola Administración).

De persistir un número de solicitudes maior que o de prazas ofertadas resolverase usando como criterio o especificado na Resolución do 23 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo para resolver os empates no procedemento de admisión de alumnado para o curso 2023/2024, para resolver o empate, terase en conta o número 0,69, resultante do sorteo público, dividido entre 100 (69/100).

Este número multiplicarase polo número de solicitudes empatadas, e o resultado da multiplicación redondearase á alza. O número enteiro obtido determinará a solicitude que ocupará o primeiro lugar seguindo a orde do número de rexistro das solicitudes.

Artigo 7. Prazos e lugar de presentación de inscricións

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día 11 de setembro de 2023 ata o día 21 de setembro de 2023 (ámbolos inclusive).

A solicitude, conforme ao Anexo I, debidamente cumprimentada deberá presentarse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>.



Concello de Barbadás

- De forma presencial no rexistro (na Casa do Concello ou nas oficinas municipais da Valenzá).
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 8. Publicación dos admitidos/excluídos.

Os listados provisionais de persoas admitidas/excluídas en cada actividade publicarase o día 26 de setembro de 2023.

As persoas admitidas deberán realizar o pagamento da actividade e remitir o xustificante do dito pagamento ao enderezo electrónico participacionvecinal@barbadas.es dende o día 27 ao día 4 de outubro de 2023.

A presentación do xustificante de pago dentro deste prazo suporá a confirmación da participación na actividade. A non presentación do xustificante de pago no prazo indicado suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

O listado definitivo publicarase antes do día 6 de outubro de 2023.

Os listado publicarase na sede electrónica e na páxina web do Concello de Barbadás, e nos taboleiros de anuncios do Concello e das oficinas municipais da Valenzá.

As persoas non admitidas pasarán a formar parte dunha lista de espera, conforme a orde establecida.

Artigo 9. Prezo e forma de pago

O prezo das actividades, segundo o prezo público aprobado en Xunta de Goberno Local de data 3 de agosto de 2023 será de 24 € pola anualidade 2023-2024.

O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria o número de conta / IBAN: ABANCA (A VALENZÁ): ES21 2080 5342 5431 1000 9242

*Indicando como concepto a “Aula Municipal de Teatro” e o nome e apelidos da persoa participante.



Concello de Barbadás

O xustificante do ingreso/transferencia deberá ser remitido ao enderezo electrónico participacionvecinal@barbadas.es dentro do prazo establecido no art. 8.

Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo que se acredite a imposibilidade de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 48 horas antes do inicio da actividade.

Artigo 10. Chamamento por lista de agarda

No suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde aos solicitantes en lista de espera. Realizarase un máximo de 2 chamadas, de non ser posible a comunicación telefónica, chamarase ao seguinte solicitante da lista.

Artigo 11. Solicitudes de alta fora de prazo de inscrición.

Estarán suxeitas ás prazas dispoñibles. De non existir praza, pasarán a formar parte da lista de espera.

Artigo 12. Condicións de participación

A participación nas actividades supón a aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito de realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento das actividades.



Concello de Barbadás

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA AULA MUNICIPAL DE TEATRO DO CONCELLO DE BARBADÁS

DATOS DO INTERESADO

Datos do interesado

D.N.I núm.:

Nome:

Primeiro apelido:

Segundo apelido:

Teléfono:

Medio de notificación:

Electrónico: Email _____@_____

Postal: Enderezo: _____

Localidade _____ CP _____

A persoa cos datos arriba consignados, leu, entende e acepta as bases, polo que solicita participar nas seguintes actividades do lecer en Barbadás (marcar o que corresponda):

- Grupo Infantil (de 7 anos ata 12 anos)
- Grupo Xuvenil (de 12 anos ata 18 anos)
- Grupo de teatro para persoas adultas (a partir de 18 anos)

En, a de.....de 2023

Asinado.

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARBADÁS

ANEXO RELATIVO AO RÉXIME DE PROTECCIÓN DOS DATOS PERSOAIS ACHEGADOS COA SOLICITUDE Os datos persoais achegados coa presente solicitude serán tratados de conformidade co establecido no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A finalidade, criterios de conservación dos datos e base xurídica do tratamento pode ser consultada na dirección <https://www.barbadas.es/politica-de-privacidad-2/>. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, oposición, e portabilidade, poden ser exercitados ante o Concello de Barbadás e/ou o seu Delegado de protección de datos no enderezo electrónico concello@barbadas.es.



Concello de Barbadás